



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### BRIÓN

*Convocatoria axudas á escolarización curso 2026/2027*

#### ANUNCIO

Por resolución desta alcaldía do 02.07.2026 aprobáronse as bases reguladoras da convocatoria de axudas municipais de apoio á escolarización para o curso 2026/2027 do Concello de Brión, que se transcriben de seguido:

#### **BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS MUNICIPAIS DE APOIO Á ESCOLARIZACIÓN PARA O CURSO 2026-2027 DO CONCELLO DE BRIÓN.**

##### **1. DISPOSICIÓNS XERAIS.**

Esta norma ten por obxecto establecer os criterios e procedementos de concesión de axudas para o fomento dunha correcta escolarización dos nenos/as pertencentes a familias de Brión encadradas nas circunstancias económicas e sociais que nela se definen.

##### **2. OBXECTO.**

Esta convocatoria ten por obxecto a concesión de axudas económicas ás familias do alumnado de segundo ciclo de Educación Infantil (EI), Educación Primaria (EP) e Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), para sufragar gastos relacionados coa escolarización, entendendo por tales a adquisición de libros de texto e material didáctico complementario.

##### **3. CRÉDITO ORZAMENTARIO.**

Para o financiamento das axudas reguladas nesta norma, existe crédito por importe de 10.000,00 € na partida 320.489.00 do orzamento xeral do Concello para 2026, prorrogado do exercicio 2025. En ningún caso a suma das axudas concedidas poderá superar a cantidade establecida na dita partida orzamentaria.

##### **4. DESTINATARIOS.**

Serán destinatarios destas axudas, as persoas físicas, pai, nai, titor/a acolledor/a ou calquera outro que ostente a tutela dun ou varios menores escolarizados no segundo ciclo de Educación Infantil (EI), Educación Primaria (EP) e Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), para ou curso académico 2026/2027, nalgún centro de ensino público de Brión.

En cada unidade familiar só un dous seus membros (pai, nai, titor/a ou acolledor/a do alumno/a) terá a condición de persoa beneficiaria, e poderá presentar unha única solicitude que agrupe tantas axudas como número de menores escolarizados pertencen á dita unidade.

Aos efectos desta convocatoria considérase unidade familiar a formada por:

4.1. O pai, a nai ou os titores ou acolledores legais da persoa menor pola que se solicita axuda (de non achegarse sentenza de asignación de garda e custodia e de pensión de alimentos, entenderase que non existe separación, polo que ambos os proxenitores ou non seu caso titores/acolledores, formarán parte da unidade familiar aínda non figurando empadroados ou non convivindo).

4.2. Todos os descendentes destes que sexan menores de idade non emancipados/as, menores de 25 anos que non percibiran en 2025 ingresos por importe superior ao IPREM anual (excepto bolsas), ou maiores de idade con certificación de discapacidade igual ou superior ó 65% ou incapacitados/as xudicialmente (suxeitos a patria potestade prorrogada ou rehabilitada), que, en calquera dos casos, figuren empadroados e residan no domicilio familiar permanentemente e, como mínimo, dende o 31.12.2025.

4.3. No suposto de separación legal ou divorcio, o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación coa persoa solicitante.

Ademais, teranse en conta acerca da conformación da unidade de convivencia, as seguintes consideracións:

a) No suposto de proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida, considerarase que conforman unha unidade familiar independente xunto cos fillos comúns polo que, dado este caso, un solicitante podería presentar máis dunha solicitude de axuda.

b) A separación transitoria motivada por razóns de estudo, traballo, tratamento médico ou outras causas similares, non rompe a convivencia a estes efectos.

c) En ningún caso terá a consideración de membro computable:

- A persoa proxenitora que non conviva co menor nos/nos casos de separación legal ou divorcio, agás no citado caso de custodia compartida.
- O agresor nos casos de violencia de xénero.
- Os fillos convivintes durante os períodos establecidos como visitas e que teñen atribuída a custodia exclusiva ao outro proxenitor.

4.4. En ningún caso poderán ser destinatarios das axudas os proxenitores privados da patria potestade, ou se a tutela ou a garda foran asumidas por unha institución pública.

## 5. REQUISITOS.

Para ser beneficiarios/as das axudas reguladas nestas bases, as persoas solicitantes deberán acreditar o cumprimento dos seguintes requisitos:

1. Tanto a persoa solicitante como os/as menores para os que se solicita axuda, deben estar empadroados/as, convivindo e residindo real e efectivamente no Concello de Brión no momento da solicitude, e con data de alta no padrón anterior á publicación destas bases.

2. O alumnado para o que se solicita axuda, debe estar matriculado para o curso 2026/2027 nun centro educativo público situado non municipio de Brión. Poderá eximirse deste requisito cando considérese xustificada a escolarización nun centro fora do termo municipal de Brión por parte do persoal técnico de servizos sociais.

3. Deberán estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social, e tributarias con Facenda, e non deben existir débedas contraídas coa facenda local, nin axudas municipais anteriormente concedidas e pendentes de xustificación. Poderá eximirse este requisito coa solicitude de fraccionamento da débeda ou de ampliación do prazo de xustificación pendente, acompañado de informe favorable dos servizos sociais municipais.

4. Pertencer a unha unidade familiar de convivencia cunha renda per cápita anual igual ou inferior a 9.000,00 € (importe en 12 pagas do 125% do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples fixado na Lei 31/2022, de 23 de decembro, de orzamento xeral do Estado para 2023).

## 6. CRITERIOS DE VALORACIÓN.

Para proceder á adxudicación das axudas aplicarase o seguinte baremo e consideracións:

1. SITUACIÓNS DE EXCLUSIÓN SOCIAL: previa valoración favorable dos servizos sociais municipais, as persoas solicitantes que se atopen en situación de exclusión social ou de alta vulnerabilidade, terán prioridade na concesión das axudas solicitadas.

2. CON CRITERIO XERAL para o resto das solicitudes, os ingresos da unidade familiar determinarán a orde de prioridade para o outorgamento das axudas, situándose en primeiro lugar as solicitudes que xustifiquen unha menor capacidade económica, que se calculará tendo en conta o seguinte:

a) Sumaranse os ingresos de calquera natureza e procedencia, tanto de carácter fixo como eventual, obtidos durante o exercicio 2025 por parte de cada un dos membros da unidade familiar (suma da base impoñible xeral -recadro 435 da declaración do IRPF-, e da base impoñible do aforro - recadro 460).

b) No caso de que durante os derradeiros 6 meses transcorridos do exercicio 2026 se produciran variacións superiores a un 30% na capacidade económica familiar en relación coa que consta na declaración do IRPF de 2025, os solicitantes poderán manifestar esta circunstancia e solicitar a valoración en base a ela, acreditando a nova situación económica coa achega da documentación xustificativa correspondente.

c) Do cómputo total de ingresos da unidade familiar detraeranse:

- O 100% dos gastos xerados polo alugueiro ou amortización de crédito hipotecario da vivenda habitual durante 2025, sen que este desconto poda superar os 4.800,00 € anuais. Este desconto poderá efectuarse sempre que ningún membro da unidade de convivencia dispoña en propiedade de bens inmoables susceptibles de ser utilizados como vivenda habitual e se xustifique o pagamento das cotas correspondentes.
- As pensións de alimentos pagadas durante 2025 a descendentes non convivintes dos que non se ten a custodia, sempre que se xustifique o aboamento efectivo de todas as cotas correspondentes a ese exercicio.

d) Non poderán acceder a esta convocatoria de axudas aquelas unidades de convivencia que, en rendementos de capital mobiliario anual, segundo declaración da renda do ano 2025 e/ou certificación bancaria sumen un rendimento superior a 3.000,00 €.

e) Para o cálculo da RPC anual, dividiranse os ingresos netos resultantes da aplicación do contido nos puntos anteriores, entre o número de membros da unidade familiar. A estes efectos, computarase 0,5 membros máis na unidade familiar:

- No caso dunha solicitante vítima de violencia de xénero.
- No caso de certificado de familia monoparental.
- Por cada convivente cunha discapacidade igual ou superior ao 65% ou dependente en graos II ou III.

## 7. IMPORTE DAS AXUDAS.

Con carácter xeral, establécense os seguintes importes para as axudas reguladas nestas bases, para o que se tivo en conta a convocatoria de axudas da Xunta de Galicia ao abeiro da ORDE do 29 de abril de 2026 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2026/27, da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

- Material escolar para segundo ciclo de educación infantil: 60,00 € por axuda
- Libros de texto e/ou material para EP e ESO: 100,00 € por axuda

O importe total das axudas a conceder non poderá superar a contía máxima do orzamento establecido. No caso de que o importe das axudas solicitadas e con proposta de resolución de concesión fose superior ao dito crédito, aplicaranse consecutivamente as seguintes medidas, pola orde establecida, ata axustar o importe das axudas a conceder ao crédito existente:

1. Minoración nun 20% do importe das axudas para as solicitudes cunha renda per cápita igual ou superior ao 60% do IPREM.
2. Minoración nun 15% do importe total acumulado das solicitudes que reúnan tres axudas ou máis.
3. Minoración nun 15% do importe total acumulado das solicitudes que reúnan dúas axudas.

Se aínda coa aplicación destas medidas, se superase o crédito orzamentario dispoñible, ratearase o importe obtido tras a aplicación destas entre tódalas solicitudes, de xeito que o importe final das axudas concedidas sufrirá o mesmo porcentaxe de diminución.

## 8. PUBLICIDADE.

Estas bases serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello.

A resolución das axudas publicarase no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello.

## 9. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN.

### 9.1. LUGAR DE PRESENTACIÓN:

As solicitudes formularanse no modelo que figura como Anexo 1, polos seguintes medios:

- Prioritariamente na sede electrónica do Concello (<https://sede.concellodebrion.gal>)
- No Rexistro Auxiliar do Departamento de Servizos Sociais (de luns a venres laborais en horario de 9:00 a 14:00 horas)
- Por calquera dos medios sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### 9.2. PRAZO DE PRESENTACIÓN:

O prazo de presentación de solicitudes comezará ao día seguinte da publicación do extracto da convocatoria a través da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no Boletín Oficial da Provincia, e rematará o 30 de agosto de 2026 ás 23:59.

## 10. DOCUMENTACIÓN.

### 10.1. DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA EN TODOS OS CASOS:

- Anexo I (solicitud e declaración): asinada pola persoa solicitante e polo resto dos conviventes declarados maiores de 18 anos.

- DNI ou documento identificativo da persoa solicitante.
- Libro de familia acreditativo dos membros da unidade familiar
- Certificado de conta bancaria
- No caso de escolarización fóra de Brión, xustificante de matrícula
- Xustificantes dos ingresos de 2025 de todos os convivente declarados:
  - Declaracións do IRPF ou
  - Certificado negativo de facenda acompañado dos xustificantes de ingresos de todo o ano 2025 (Seguridade Social, INEM, Xunta, pagadores extranxeiros de pensións e/ou prestacións, documentos xustificativos de pensións compensatorias ou de alimentos,..., ou • No suposto de traballadores autónomos, xustificantes de cotizacións á Seguridade Social e acreditación de ingresos no 2025. No suposto de que os ingresos acreditados sexan inferiores á base de cotización, teranse en consideración como ingresos mínimos mensuais o importe da base de cotización á Seguridade Social, ou
  - Somentes no caso de non poder acreditar algún ingreso coa documentación citada anteriormente, adxuntarase declaración responsable (Anexo II), cuxa validez, en función do seu contido, será determinada polo órgano de instrución.

#### 10.2. DOCUMENTACIÓN PARA ACREDITAR CIRCUNSTANCIAS PARTICULARES:

- Recibos de pago do alugueiro ou hipoteca durante 2025
- Xustificantes de ingresos referidos aos derradeiros 6 meses transcorridos do exercicio 2026 que demostren a minoración dun 30% como mínimo, respecto dos ingresos obtidos durante 2025.
- Certificacións de discapacidade ou dependencia.
- Convenio regulador e documentos xustificativos do pagamento das mensualidades correspondentes a pensións de alimentos durante 2025.
- Xustificación da situación de vítima de violencia de xénero.
- Solicitud de execución de sentenza por falta de pagamento de pensións de alimentos/compensatorias. De non presentarse, entenderase que a contía das pensións está a ser percibida no importe sinalado no correspondente convenio regulador.
- Resolución administrativa ou auto xudicial de acollemento con indicación da contía da remuneración recoñecida.
- Certificado de monoparentalidade.

O Concello comprobará de oficio a situación de alta no padrón de habitantes e a convivencia; a non existencia de débedas co AEAT E coa Seguridade Social; a non existencia de débedas en período executivo co Concello; o estado da xustificación doutras axudas municipais concedidas anteriormente e a formalización de matrícula en centros escolares do Concello de Brión para o curso 2026-27.

#### 11. PROCEDEMENTO.

O procedemento para a concesión das axudas iniciarase unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, mediante a comprobación do cumprimento dos requisitos e da achega da documentación acreditativa.

A instrución do procedemento corresponderá ao persoal do Departamento de Servizos Sociais, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos, e elaboración da proposta de resolución provisional na que consten:

- Solicitudes que serán propostas para resolución de concesión.
- Solicitudes que serán propostas para resolución de desestimación con indicación das causas (fora de prazo, non cumprimento de requisitos, falta de documentación).

Esta proposta de resolución provisional publicarase na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello ata o 20 de outubro, outorgándose un prazo de 10 días naturais para que os solicitantes propostos para resolución de desestimación aleguen no que no seu dereito consideren oportuno ou, no seu caso, emenden a súa solicitude e presenten a documentación que se lles require para completar o expediente, preferentemente a través da sede electrónica do Concello (<https://sede.concellodebrion.gal>). Transcorrido o prazo para alegar ou emendar as solicitudes requiridas e como data límite o 7 de novembro, o órgano instrutor elevará proposta de resolución definitiva para que, previa fiscalización pola intervención municipal, sexa sometida a aprobación pola Alcaldía, que se publicará na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello. Esta proposta definitiva indicará:

- Solicitudes propostas para resolución de concesión, facendo constar número, tipo e importe da axuda a conceder.

- Solicitudes propostas para resolución de desestimación, facendo constar as causas desta.

As publicacións realizadas tanto da resolución provisional como da definitiva substituirán á notificación nos termos que se establecen no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Ambas as listas publicaranse unicamente co número do documento de identidade que as persoas solicitantes indicasen na súa solicitude. O prazo de resolución destas axudas será de catro meses contados a partir da data de publicación destas bases.

## 12. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

Aboarase o importe concedido despois da presentación de facturas por parte da persoa beneficiaria, debéndose acreditar o seu pagamento, e igualmente previa presentación de declaración responsable sobre as subvencións, axudas ou ingresos obtidos doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, ou pola contra, declaración de non ter outras subvencións, axudas ou ingresos para o mesmo obxecto.

As facturas do gasto deberán ser emitidas cos requisitos establecidos non R.D. 1619/2012, do 30 de novembro, e figurará a nome do solicitante da axuda.

As facturas e resto de documentación presentaranse preferentemente a través da sede electrónica do Concello (<https://sede.concellodebrion.gal>), ou no Rexistro auxiliar de Servizos Sociais, dentro dos 20 días naturais seguintes á data de publicación da resolución definitiva de concesión das axudas. O pagamento das axudas efectuarase aos beneficiarios mediante transferencia bancaria ao número de conta especificado no expediente.

## 13. COMPATIBILIDADE.

A presente subvención é compatible con outras que para a mesma finalidade poidan concederse por entes públicos ou privados aos beneficiarios cos requisitos previstos na base segunda.

O importe das subvencións concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que en concorrencia coas subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo da actividade ou investimento desenvolto pola beneficiario.

## 14. RECURSOS.

Estas bases e cantos actos administrativos derívense delas, poderán ser impugnados polas persoas interesadas na forma prevista na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a resolución adoptada na execución destas bases, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes dende a publicación da resolución. Entenderase desestimado o recurso se transcorrido un mes dende a súa presentación non se obtivese resposta, podendo nese caso interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

## 15. PROTECCIÓN DE DATOS.

De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos que se faciliten pola participación neste procedemento, serán incorporados nun ou varios ficheiros cuxo responsable é o Concello de Brión, con domicilio en Praza do Concello 1-Brión, onde se poderán exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se fose o caso, de oposición.

Coa participación no procedemento, os titulares dos datos persoais facilitados consenten expresamente o seu tratamento coa finalidade de levar a cabo a tramitación do dito procedemento.

## 16. DISPOSICIÓN FINAL.

Para o non regulado nestas bases estarase ao disposto na Lei xeral de subvencións, na Lei de subvencións de Galicia, e resto de normativa de aplicación

Brión, 2 de xullo de 2026.

O alcalde.

Pablo Lago Sanmartín.

**CONVOCATORIA DE AXUDAS Á ESCOLARIZACIÓN CURSO 2026-27****CONCELLO DE BRIÓN****ANEXO I – SOLICITUDE E DECLARACIÓN****DATOS DA PERSOA SOLICITANTE (responsable dos/as menores)**

APELIDOS E NOME:	PARENTESCO COS MENORES:
Nº DNI/NIE/PASAPORTE:	DOMICILIO:
TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:

Aos efectos de concorrer como solicitante á convocatoria de axudas para a escolarización do curso 2026-2027 do Concello de Brión, DECLARO:

**1. QUE CONVIVO E REPRESENTO AOS SEGUINTE MENORES PARA OS QUE SOLICITO AXUDA DE ESCOLARIZACIÓN (indicar só aos menores para os que se solicita a axuda):**

NOME E APELIDOS DOS MENORES PARA OS QUE SE SOLICITA A AXUDA	IDADE	CURSO	CENTRO EDUCATIVO

**2. QUE O RESTO DAS PERSOAS CONVIVINTES SEGUNDO AS BASES DA CONVOCATORIA, SON AS SEGUINTE (indicar só a outra persoa responsable e máis a outros fillos menores de 25 anos convivintes)**

NOME E APELIDOS	PARENTESCO CO/A MENOR	IDADE	OCUPACIÓN	SINATURA PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS

3. Que tanto eu como solicitante da axuda para a escolarización, como o resto das persoas convivintes maiores de 18 anos **arriba asinantes**, coñecemos e aceptamos as bases da convocatoria, declaramos que non estamos afectadas en causa de incompatibilidade ou incapacidade algunha para percibir subvencións da administración pública, e autorizamos expresamente as actuacións de comprobación que o Concello de Brión poda acordar para a instrución e resolución desta solicitude, concretamente o empadramento, convivencia, matrícula escolar, débedas coa AEAT e coa Seguridade Social; a non existencia de débedas en período executivo co Concello de Brión, e o estado da xustificación doutras axudas municipais concedidas anteriormente.

En Brión, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 2026

Asinado: a persoa solicitante

**DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR CON ESTA SOLICITUDE (en todos os casos)**

DNI ou documento identificativo da persoa solicitante (pai/nai/representante).

- Libro de familia COMPLETO acreditativo dos membros da unidade familiar declarada.
- Certificado de Conta Bancaria para ingreso de axuda.
- No caso de escolarización fora de Brión: xustificante de matrícula no centro de estudos.
- Xustificantes dos ingresos do exercicio 2025 de todos os convivintes declarados anteriormente maiores de 18 anos, cos seguintes documentos:
  - a. Declaracións do IRPF do 2025 **ou**
  - b. Certificado negativo de facenda acompañado dos xustificantes de ingresos de todo o ano 2025 (Seguridade Social, INEM, Xunta, pagadores estranxeiros de pensións e/ou prestacións, documentos xustificativos de pensións compensatorias ou de alimentos,...), **ou**
  - c. No suposto de traballadores autónomos, xustificantes de cotizacións á Seguridade Social e acreditación de ingresos no 2025. No suposto de que os ingresos acreditados sexan inferiores á base de cotización, teranse en consideración como ingresos mínimos mensuais o importe da base de cotización á Seguridade Social, **ou**
  - d. Somentes no caso de non poder acreditar algún ingreso coa documentación citada anteriormente, axuntarase declaración responsable (**Anexo II**).

**DOCUMENTOS A ACHEGAR SÓ PARA ALEGAR CIRCUNSTANCIAS ESPECÍFICAS**

- Recibos de pagamento do alugueiro/hipoteca durante 2025 (12 meses).
- Xustificantes de ingresos referidos aos meses transcorridos do exercicio 2026 que demostren a minoración dun 30% como mínimo, respecto dos ingresos obtidos durante 2025.
- Certificacións de discapacidade ou dependencia.
- Convenio regulador e documentos xustificativos do pagamento das mensualidades correspondentes a pensións de alimentos durante 2025.
- Xustificación da situación de vítima de violencia de xénero.
- Solicitude de execución de sentenza por impago de pensións de alimentos/compensatorias.
- Resolución administrativa ou auto xudicial de acollemento con indicación da contía da remuneración recoñecida.
- Certificado de monoparentalidade.

De conformidade co establecido na normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal, informámoslle que o Responsable do Tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE BRIÓN, con enderezo en Praza do Concello 1, 15865 – Brión (A Coruña); concello@concellodebrion.gal. Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado e para a xestión administrativa derivada da prestación do dito servizo. Os datos non se cederán a terceiros, salvo obriga legal. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, opoñerse, retirar o consentimento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Para elo, o Concello de Brión dispón de formularios para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos.

**CONVOCATORIA DE AXUDAS Á ESCOLARIZACIÓN CURSO 2026-27****CONCELLO DE BRIÓN****ANEXO II – DECLARACIÓN RESPONSABLE DE INGRESOS**

ESTE ANEXO CUBRIRASE ÚNICAMENTE CANDO NON SEA POSIBLE XUSTIFICAR OS INGRESOS CON:

- Declaración do IRPF de 2025
- Certificado negativo de Facenda
- Xustificantes de ingresos: nóminas, seguridade social, INEM ...

D/Dna. \_\_\_\_\_ con  
DNI nº \_\_\_\_\_, solicitante de axudas para a escolarización ao abeiro da convocatoria do Concello de Brión para o curso escolar 2026-27, non sendo posible a acreditación documental de parte ou da totalidade dos ingresos das persoas que conformamos a unidade familiar, SOLICITO:

A consideración por parte do órgano instrutor da seguinte declaración responsable:

PERSOA QUE DECLARA INGRESOS EN 2025	PROCEDENCIA DOS INGRESOS	IMPORTE TOTAL EN 2025	DATA E SINATURA

En Brión, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2026

De conformidade co establecido na normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal, informámoslle que o Responsable do Tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE BRIÓN, con enderezo en Praza do Concello 1, 15865 – Brión (A Coruña); [concello@concellodebrion.gal](mailto:concello@concellodebrion.gal). Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado e para a xestión administrativa derivada da prestación do dito servizo. Os datos non se cederán a terceiros, salvo obriga legal. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, opoñerse, retirar o consentimento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Para elo, o Concello de Brión dispón de formularios para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos.

**CONVOCATORIA DE AXUDAS Á ESCOLARIZACIÓN CURSO 2026-27****CONCELLO DE BRIÓN****ANEXO III - DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS**D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, con DNI n<sup>o</sup> \_\_\_\_\_,**DECLARO:**

1. Que o Concello de Brión concedeume unha subvención por importe de \_\_\_\_\_ euros para apoio á escolarización para o curso 2026/2027.

2. Que para este mesmo obxecto obtivéronse, ademáis, as seguintes subvencións, axudas ou ingresos doutras administracións públicas ou entidades privadas:

Entidade	Importe
TOTAL SUBVENCIÓNS, AXUDAS OU INGRESOS RECIBIDOS	

 Ningunha outra subvención, axuda ou ingreso

Brión, á \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2026

